

Actividades	Solucións
1	a) R. M. A bomba do acuario serve para filtrar a auga e mesturala ben con aire. b) R. M. Ao mesturarse ben a auga co aire, hai máis aire disolto na auga e os peixes poden respirar. c) R. M. Os peixes están mellor no acuario, porque teñen máis espazo para moverse, ademais dun fondo areento que se parece ao do seu contorno natural, lugares para agocharse, e en xeral un ambiente máis enriquecido e estimulante.
2	R. M. Non é necesario engadir alimento para as plantas, posto que elas producen o seu propio alimento a partir da auga, do dióxido de carbono e da luz.
3	R. M. Nas zonas profundas do océano, onde non chega a luz, non poden vivir nin as plantas nin as algas, posto que ambas necesitan a luz para realizar a fotosíntese e producir así o seu alimento.
4	As plantas toman do solo auga e sales minerais, que forman o zume bruto. Este zume circula polos vasos leñosos ata as zonas verdes da planta. Alí, grazas á enerxía do sol, combínase co dióxido de carbono que entra polos estomas e forma o zume elaborado. Este zume é unha mestura de auga e alimentos.
5	Producen osíxeno durante a fotosíntese e consómeno durante a respiración . Expulsan dióxido de carbono durante a respiración e absórbeno durante a fotosíntese .
6	A opción correcta é a segunda: • Hai cada vez menos osíxeno porque o consomen os peixes.

Actividades	Solucións
7	R. M. Os seres vivos modifican coa súa actividade o medio en que viven; por exemplo, as plantas do acuario producen osíxeno, que permite a respiración dos peixes.
8	a) Os seres vivos poden vivir en medios terrestres ou acuáticos. O acuario é un medio acuático. b) R. M. A temperatura da auga, a súa salinidade, a cantidade de osíxeno disolto na auga, a luz, a corrente, etc. c) R. M. Hai tres poboacións: dúas especies de plantas e unha especie de peixes. d) R. M. Son compoñentes do medio físico. O medio físico é o conxunto de compoñentes non vivos do ecosistema. e) R. M. A flora está representada por dúas especies de plantas, e a fauna está representada por catro peixes, pertencentes a unha especie.
9	Cada ser vivo ten unhas necesidades para poder vivir. Por exemplo, os osos polares , que teñen unha grossa capa de graxa e moito pelo, viven nun clima moi frío . As plantas de romeu poden vivir en terreos pobres , polo que habitan zonas pouco fértiles. Por iso dicimos que os seres vivos están adaptados ao medio en que viven.
10	A) Herba – lebre – aguiá.
11	<pre> graph TD Eiruga --> Lagarta Eiruga --> Toupa Piñeiro --> Toupa Piñeiro --> Rato Castiñeiro --> Rato Castiñeiro --> Esquío Lagarta --> Amiño Toupa --> Bufo Rato --> Bufo Rato --> Aguiacho Esquío --> Aguiacho </pre>
12	R. M. É unha relación de competencia, prexudicial para ambos.